

Tempos idos

FRANCISCO CARBALLO

Que estes tempos son arduos, que non dan racougo, é ben sabido. Mais haber, houbos peores: Esta quincena de maio foi xenerosa en actos culturais, deportivos, propagandísticos, etc. A “Marcha mundial das mulleres” marcou data definitiva.

En Marín, os eventos seguiron o mesmo ritmo: O 21 ensinou Santiago Prol, investigador de Xoán de Nóvoa –João de Nova– no museo Torres con fondura de historiador. Colgara había días unha cartografía das navegacións de João de Nova de pulcritude e rigor.

Hai algunha razón para recuperar este navegante do XVI? Hai moitas. De 1480 a 1550 este país aguanta un baleiro de datos. A alborotada circunstancia galega dos ss. XIV-XV foi encorada polas lanzas da “Santa Hermandad”, pola Audiencia e polos enviados da burocracia nacente da Monarquía. Só a mediados de século están a furar fírgoas na opaca estrutura de tal “tempo ido”.

A purga e camisa de forza dos Reis trocou as formas de

A purga e camisa de forza dos Reis trocou as formas de vida e pensamento dos galegos ao instrumentar a Igrexa, a escola e o funcionariado. Mais algúns dos que tiveron que tomar o camiño do exilio ou da emigración achegáronlles aos países receptores e á humanidade beneficios significativos. Entre os descubridores, navegantes e diplomáticos destaca Xoán de Nóvoa, un mariño da familia dos Nóvoa de Maceda (Ourense). Escasos datos dos anos no país, suficientes dos seus servizos á Monarquía lusa. Navega pola costa de África, alcaide de Lisboa, 1496, comanda a III Expedición portuguesa á India, 1501.

Na ida descobre a illa da Asunción e no regreso a de Santa Helena. No 1505 volta á India na nao “Flor de la Mar”: xestións diplomáticas, tratados comerciais e participación na batalla de Diu, 1509. É un dos catro primeiros navegantes da epopea portuguesa dos XV-XVI.

De Xoán de Nóvoa a Pedro Sarmiento de Gamboa podíamos escolmar ducias de galegos que pilotaron naves e xestionaron operacións mercantís baixo bandeiras das coroas lusa e castelá. Naqueles “tempos idos” o “Reino” de Galiza era tutelado por vicerreis e os valores máis íntimos dos galegos substituídos pola arrogancia.

Santiago Prol segue con empeño na dedicación de rexistrador de persoas deste país que cambiaron o mundo cara a mellores situacións. A historia oficial serviu ao poder; o historiador veraz descobre fontes ocultas que escaparon á rapina e que devolven “o brillo daqueles ollos fondos que miraron sen submisións”. ♦